



Concello de Vigo  
Secretaría Xeral

## **PILAR SABORIDO DÍAZ, SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL**

**CERTIFICO:** Que a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 18 de maio do 2026, ditaminou a seguinte proposta:

### **2. ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. APROBACIÓN INICIAL. EXPEDIENTE 142483/210. (EXPTE. PLENO 5457/1101).**

A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, somete a votación a proposta de data 13/05/2026, que consta no expediente 142483/210, por seis votos (6) a favor dos membros do Grupo Municipal Socialista e tres votos (3) en contra, dous votos (2) dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular mais un voto (1) do Grupo Municipal do BNG, a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ditamina favorablemente a proposta que se transcribe a continuación.

**"PRIMEIRO:** Con base no informe-proposta emitido polo Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, transcrito na parte expositiva deste acordo, e previo ditame da Comisión Informativa, desestimar as emendas á totalidade do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e así mesmo desestimar ás emendas ao texto articulado presentadas polo grupo municipal do Partido Popular, no trámite de presentación de emendas polos grupos municipais establecido no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN DO CONCELLO DE VIGO (Expte: Nº142483/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

**TERCEIRO:** Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

**CUARTO:** Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza modificada no BOP, entrando en vigor cando transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local."

O grupo municipal do Partido Popular, anuncia que o seu grupo presentará un voto particular na sesión plenaria correspondente.

O concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña, anuncia que o seu grupo presentará un voto particular na sesión plenaria correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/05/2026 13:05	Páxina 1 de 2
142483-210	CSV: ADB1B5-B1EA4C-4BBBD1-4C5VF3-H5MZ5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.  
/sc



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/05/2026 13:05	Páxina 2 de 2
142483-210	CSV: ADB1B5-B1EA4C-4BBBD1-4C5VF3-H5MZ5T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		